



## O HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO ACOLLE A EXPOSICIÓN GALICIA É ARTE

- *Trátase de 15 obras de arte, realizadas con técnicas de macramé e puntillismo, elaboradas por usuarios da Fundación Santa Cruz e dedicadas ao Día das Letras galegas*

**Vigo, 22 de maio de 2023.** O Hospital Álvaro Cunqueiro inaugurou a exposición "Galicia é arte" con obras realizadas por usuarios da Fundación Santa Cruz. A mostra foi inaugurada polo xerente da Área Sanitaria de Vigo, Javier Puente, e a directora da Fundación en Galicia, Soledad Pomar.

A Fundación Santa Cruz é unha entidade social situada no barrio vigués de Teis cuxa finalidade é protexer ao maior numero de persoas que viven en situacións de exclusión e promover a súa integración social e independencia persoal.

Galicia é arte é un proxecto que consistiu en realizar 15 obras de arte coas técnicas de macramé e puntillismo dedicadas ao día das letras galegas. Segundo afirman desde a Fundación, estas técnicas teñen múltiples beneficios xa que axudan a mellorar a psicomotricidade; potencian a concentración e atención e reducen os niveis de estrés.

"O noso obxectivo final é darlle visibilidade a ese proxecto e que os nosos residentes observen que o seu traballo, dedicación e esforzo é visto e valorado por outras persoas o que repercute directamente na mellora da súa autoestima".

